

MATERIA **BIOLOGÍA XEOLOXÍA 4º ESO**
 PROFESOR/A **Ana Palmero Aneiros**

CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN	2.ª AVALIACIÓN	3.ª AVALIACIÓN
UNIDADE 1: Estrutura e dinámica da Terra UNIDADE 2: Tectónica e relevo UNIDADE 3: Historia da Terra	UNIDADE 4: A organización celular dos seres vivos UNIDADE 5: Herdanza e xenética UNIDADE 6: A información e manipulación xenética	UNIDADE 7: Estrutura e dinámica dos ecosistemas UNIDADE 8: A Actividade humana e o medio ambiente UNIDADE 9: A orixe e evolución da vida

O bloque 4 Proxecto de investigación será traballado durante todo o curso , e por tanto os seus estándares correspondentes serán recollidos nas tres avaliacións. O resto dos contidos e os correspondentes estándares de aprendizaxe estarán secuenciados nas diferentes avaliacións.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións seguindo o calendario aprobado polo claustro.

Obtención da cualificación

Probas escritas	80%
Traballos e/ou proxectos de investigación	10%
Traballo diario	10%

Para superar cada avaliación será preciso acadar un 5 sobre 10 ao considerar todos os aspectos anteriormente tratados.

Se non se alcanza a nota mínima de 5 o alumno/a terá dereito a recuperar a parte adicada ao exame (80%) nunha proba de recuperación no seguinte trimestre. Non poderá modificarse a nota nos apartados referidos ao traballo diario e traballos/ proxectos. .

A nota final da materia será a media das tres avaliacións e para aprobar deberá ser igual ou superior aos cinco puntos.

No período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final aqueles alumnos/as que non aprobaran a materia poderán recuperar as avaliacións suspensas mediante a realización de actividades e dunha proba de recuperación que deberán superar para aprobar a materia. Os alumnos/as que xa aprobaran a materia dedicarán este período para realizar actividades de reforzo e ampliación.

*Estes criterios complementáanse coas normas sobre cualificacións da programación, que transcribimos e ampliamos quedando:

- En canto ao redondeo de decimais realizarase ao número enteiro máis próximo e no caso de equidistancia ao superior, tal e como establece a normativa educativa para cálculos de nota media
- Se un alumno/a é sorprendido copiando mediante calquera sistema durante a realización dunha proba escrita, a cualificación no exame correspondente será de 0 puntos.
- O uso de calquera dispositivo electrónico (móvil, MP3, Ipad, tableta , etc) durante a realización de probas escritas (exames, controis de clase) sancionárase cun cero na cualificación da correspondente proba.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: SI

Lecturas Recomendadas: artigos /textos científicos seleccionados, etc.